

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 12 de febreiro de 2025, pola que se nomea o tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.**

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria das probas selectivas enunciadas, aprobadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024 (DOG nº 174 do 10/09/2024).

RESOLVO:

1º. Nomear membros do tribunal cualificador das anteditas probas selectivas as persoas que figuran a continuación:



Tribunal titular:

Presidenta: Raquel Rodríguez Carro  
Secretaria: Verónica Rosende Sanjurjo  
Vogal 1: F. Javier Freire González  
Vogal 2: Xermán García Cancela  
Vogal 3: Cristian Pernas Rubal

Tribunal suplente:

Presidenta: María Aneiros González  
Secretaria: Noemí Pinto Barreiro  
Vogal 1: Martín Nercellas Méndez  
Vogal 2: Pedro Vila López  
Vogal 3: Antonio Nieto Moure

2º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

